

Á XUNTA ELECTORAL DE ZONA DE OURENSE

D.JOSE FERNANDEZ BALTAR, con documento de identidade nº 34.995.118-C , con domicilio a efectos de notificacións en Rúa Burgas, Nº 2, C.P. 32005, Ourense, teléfono 666162330, email xosebaltar@bng.galen calidade de **Representante do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, ante a **Xunta Electoral Provincial de Ourense** e a **Xunta electora de zona de Ourense** para as eleccións municipais convocadas por Real Decreto 207/2023, de 3 de abril, para o 28 de maio de 2023, segundo ten debidamente acreditado, comparece e **EXPÓN:**

Que por medio do presente escrito interpón **DENUNCIA** contra a o goberno de Celanova e o partido “Celanova Decide”, por vulneración dos Artigos 50.2 e 50.3 da LOREX. en base ás seguintes

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRO.- En días recentes apareceron carteis, instalados no aparcadoiro con acceso desde a praza das Pitas e na rotonda da estatua de San Rosendo constitúe unha vulneración da lei electoral debido a un uso indebido da publicidade institucional que a converte, en período electoral, en publicidade política partidista. E, no presente caso, colocada ademais nuns espazos que o grupo do alcalde empezou a utilizar para colocar a súa propaganda.

SEGUNDO. - O grupo do alcalde está a promocionar presuntos logros futuros a apenas uns días das votacións e sufragando esa promoción partidista con cartos do Concello de Celanova. Polo que esta publicidade, constitúe claramente unha campaña de logros e unha utilización partidista da institución, neste caso, o Concello de Celanova en beneficio propio aproveitándose da condición de Alcalde, introducindo un desequilibrio nos principios de obxectividade e igualdade.





TERCEIRO.- O artigo 50.3 da LOREX sinala que *“Asimismo, durante el mismo período queda prohibido realizar cualquier acto de inauguración de obras o servicios públicos o proyectos de éstos, cualquiera que sea la denominación utilizada, sin perjuicio de que dichas obras o servicios puedan entrar en funcionamiento en dicho período.”*

As institucións públicas deben respectar durante o período electoral os principios de obxectividade, transparencia e igualdade, e non poden realizar ningunha actuación, directa ou indirecta, que atente contra os mesmos (artigo 50 da LOREX e Instrución da XEC 2/2011, do 24 de marzo).

A Instrución 2/2011 da XEC prohíbe expresamente a realización en período electoral de *“1. Asimismo, de acuerdo con lo dispuesto en el artículo 50.3 de la LOREG, «durante el periodo electoral queda prohibido realizar cualquier acto de inauguración de obras o servicios públicos o proyectos de éstos, cualquiera que sea la denominación utilizada, sin perjuicio de que dichas obras o servicios puedan entrar en funcionamiento en dicho periodo»*

A dita Instrución prohíbe calquera inauguración de obras ou servizos públicos ou proxectos destes, sen que o contido do acto aquí denunciado poida acollerse ás excepcións previstas no apartado Terceiro, relativas ao carácter, periodicidade habitual, salvagarda do interese público ou desenvolvemento dos servizos públicos, ou as relacionadas coa información dos procesos electorais.

Así, o acto descrito neste escrito, introduce un desequilibrio na transparencia, obxectividade e igualdade do proceso electoral, ao ser un poder público quen actúa en período electoral, e sendo utilizado por un partido político, o partido popular, de xeito partidista con connotacións claramente electoralistas.

Tamén sinala a devandita instrución que ; *“1. Según establece el artículo 50.2 de la LOREG, «desde la convocatoria de las elecciones y hasta la celebración de las mismas queda prohibido cualquier acto organizado o financiado, directa o indirectamente, por los poderes públicos que contenga alusiones a las realizaciones o a los logros obtenidos, o que utilice imágenes o expresiones coincidentes o similares a las utilizadas en sus propias campañas por alguna de las entidades políticas concurrentes a las elecciones».*

2. Deben entenderse comprendidas en dicha prohibición, entre otras actividades, la edición y reparto durante el periodo electoral con financiación directa o indirecta de los poderes públicos, de libros, revistas, folletos, cuadernos, catálogos, trípticos, soportes electrónicos (cd, dvd, memorias usb, etc...); el envío de correos electrónicos o de mensajes sms; la distribución de contenidos por radiofrecuencia (bluetooth), o la inserción de anuncios en los medios de comunicación, que contengan alusiones a los logros obtenidos por cualquier poder público, o que utilicen imágenes, sintonías o expresiones coincidentes o similares a las empleadas en sus propias campañas por alguna de las entidades políticas concurrentes a las elecciones.”

Neste caso, non existe esa urxencia perentoria, e a difusión dos anuncios pode introducir un desequilibrio na transparencia do proceso electoral.

CUARTO.- O Acordo da Xunta Electoral Central, número de acordo 227/2011, de 5 de maio de 2011 sinala que *“Como ya declaró la Junta Electoral Central en su acuerdo de 7 de abril de 2011, a la luz del artículo 50.3 LOREG y de la Instrucción 2/2011 de la JEC, de 24 de marzo, “no cabe que durante el período electoral los representantes de las Administraciones públicas realicen actos de gestión de las obras o servicios públicos que puedan tener contenido electoralista ya sea por la presencia de los medios de comunicación o de cualesquiera otras condiciones que puedan darse”. En el presente caso, el desarrollo del acto de la firma del contrato para la remodelación de la travesía de Anguciana en la LR-02 en la Sala de Prensa del Gobierno de La Rioja con la posterior difusión del mismo por los medios de comunicación en páginas web abiertas al público, así como las expresiones utilizadas en dicho acto, tuvieron un contenido electoralista, incurriendo en la prohibición prevista en el artículo 50 de la LOREG.”*

Xa que logo,

SOLICITA, que teña por presentado este escrito, e na súa virtude, se requira ás administracións implicadas así como ao partido “Celanvoa Decide” a cesar na realización de actos similares durante o período electoral, a eliminar esta publicidade, así como a incoar o oportuno expediente sancionador polos feitos descritos no apartado primeiro por contravir os artigos 50.2 e 50.3 da LOREG.

Ourense, 23 de maio de 2023

Asdo. Jose Fernández Baltar

